

DEBERES DE INGLÉS DE 2º DE PRIMARIA (SEMANA DO 8-12 XUÑO -3º TRIMESTRE):

Bos días,

Estas son as tarefas de Inglés para esta semana:

1.- Entrar na Unidade 6 do Class book e facer os exercicios orais e escritos das páxs. 58 e 59 onde lles presenta vocabulario de personaxes da realeza e algún obxecto relacionado con eles. Para facelas é necesario entrar en Blink Learning xa que ten 2 escoitas e unha canción co vocabulario das escoitas. A canción ademais de escoitala tamén a poden ver no enlace: [Castle Song](#) e poñer as pegatinas. Sacarlle fotos ás 2 páxs. e mandarmas ao meu correo para corrixilas. O conto da páx. 59 (que é o mesmo da 60 e 61) pódeno ver neste enlace. Chámase: [The Princess and the Pea](#) É un conto moi famoso de Hans Christian Andersen.

2.- Facer as páxs. 33, 34 e 37 do Activity Book (o exercicio 1 da páx. 33 é unha escoita que non temos de momento, é dicir, non poden facelo pero sí o exercicio 2 (poñer os números). Sacarlle fotos a estas páxs. e mandarmas ao meu correo para corrixilas (mirade que o lapis estea afiado e ben marcado para que se poida ver e ler ben).

Sería estupendo si podedes dispoñer dun anaco cada semana para seguir repasando os vídeos co vocabulario xenérico de uso diario do enlace que vos xunto sempre. É convinte que os escoiten a miúdo o vocabulario básico destes vídeos para tentar memorizalo. O enlace é:

https://docs.google.com/document/d/11EmBad79-nnRrjyYWSwuGv_AIML8Cqv_3iGHVI6dMPQ/edit

Recordade que este é o traballo de Inglés que se recomenda para toda a semana pero que ten un carácter flexible, polo que non se aconsella facelo todo xunto, podedes distribuílo en 2 tempos segundo as vosas posibilidades e horarios. Se tedes calquera pregunta con respecto aos deberes de Inglés ou dificultade á hora de traballar co material contactade comigo. Recórdovos unha vez máis o meu correo electrónico marinaepf20@gmail.com para calquera dúbida que vos poida xurdir.

Ánimo que xa vai quedando menos.

Unha aperta virtual.

Marina.